



CIRCULAR INFORMATIVA N°1: SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

A resolución de 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Educación (D.O.G. 08/10/18) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de educación non universitarios.

O Proceso, na parte que implica aos pais e nais do alumnado, segue os seguintes pasos:

1. Sorteio dos membros da Xunta Electoral.
2. Convocatoria e constitución da Xunta Electoral.
3. Presentación de Candidaturas.
4. Publicación dos Censos Electorais.
5. Proclamación de candidaturas.
6. Presentación de reclamacións, se as houbera.
7. Votación e escrutinio.
8. Proclamación de candidatos elixidos.
9. Constitución do Consello Escolar.

O Sorteio público para a formación da XUNTA ELECTORAL realizarase o luns día 15 de Outubro ás 11:45 horas. Unha vez constituída (día 17 de outubro), emitirase información puntual do proceso mediante circulares.

A DIRECTORA